

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006687	IES de Catabois	Ferrol	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	5
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	8
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	10
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	14
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	15
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	16
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	17
o) Outros apartados	17

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Os obxectivos que persegue a oferta formativa do noso centro están recollidos no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Para contribuir a acadar estes obxectivos, o noso centro realiza as seguintes medidas:

- Deseño de tres liñas dentro do PFPP para realizar actuacións relacionadas cos contratos-programa CP-Inclúe e CPInnova.
- Participar en PLAMBE e Clubs de Lectura.
- Participar no Plan Proxecta Galicons.net
- Solicitar a acreditación Erasmus ao SEPIE.
- Continuar coa colaboración coa Fundación Secretariado Xitano.
- Establecer reunións periódicas coas familias desde Orientación, titorías e Xefatura de Estudos, para incidir no seguimento do alumnado absentista.
- Deseñar un protocolo de actuacións que facilite o labor aos titores no control do absentismo.
- Solicitar a intervención da UACO, pertencente a RAOGAL (Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia)
- Formar un seminario de traballo dentro do PFPP para realizar actuacións de mellora no relativo a convivencia, Internacionalización, Didáctica e Polos Creativos.
- Desenvolver as actuacións previstas no Plan de Igualdade.
- Continuar co programa Titoría entre iguais, para prevención do acoso escolar.
- Solicitar charlas e actividades para tratar temas relacionados coa igualdade entre sexos, a diversidade afectivasexual, a non discriminación, os riscos das novas tecnoloxías ou de certos hábitos de consumo, a través do Plan director de intervención en centros escolares (Corpo Nacional de Policía) ou doutras entidades como Asociación Arelas, a Unidade de prevención de drogodependencias de Ferrol (Asfedro), etc.
- Elaborar ou seleccionar dinámicas para o traballo nas titorías baixo a coordinación do Departamento de Orientación
- Desenvolvemento dos Proxectos Competenciais en 1º (biblioteca), 2º (Medio Ambiente e Internacionalización), 3º (Medio Ambiente Internacionalización) e en 4º ESO (Robótica)
- Participar en programas relacionados coa conservación do medio, dentro da liña de traballo da Paisaxe, seleccionada para este curso, principalmente a través do programa Erasmus (pendente acreditación) e E-Twinning.
- Dedicar a temática anual da biblioteca á Paisaxe.
- Continuar co obradoiro de Robótica e coa participación en First Lego League.
- Participar no proxecto Erasmus: Upcycling, from bottom to top que vencella a temática científico-tecnolóxica coa artística.
- Solicitar de novo o Contrato-Programa de mellora do éxito escolar para acadar a excelencia
- Continuar co funcionamento das aulas E-dixgal en todos os cursos de ESO e coa Aula Virtual no resto de ensinanzas.
- Participar en actividades complementarias e, de ser posible extraescolares, relacionadas coas temáticas STEAM.
- Difundir as ensinanzas ofertadas pola Escola Oficial de Idiomas de Ferrol e informar das datas de matrícula.
- Solicitar o programa PROA, para reforzo en aula.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Nas programacións didácticas dos distintos departamentos explicitárase o xeito en que cada materia, segundo o seu perfil competencial, contribuirá ao desenvolvemento das competencias clave, concretando actividades diferenciadas. Teranse en conta especialmente as medidas necesarias para compensar as carencias que puideran existir en comunicación lingüística nas linguas castelá e galega, a partir dunha análise previa e sinalando medidas concretas de actuación nas programacións de cada materia.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Cada departamento contemplará nas súas programacións didácticas o tratamento dos elementos transversais relacionados cos contidos propios das materias impartidas ou relativos á contribución dos departamentos a distintos programas do centro. Para isto, incluíranse unidades didácticas específicas ou actuacións puntuais. Os temas que deben ser abordados son, prioritariamente, os seguintes:

- Educación en valores
- Desenvolvemento sostible
- Igualdade entre homes e mulleres
- Igualdade no trato e non discriminación
- Prevención da violencia contra as nenas e as mulleres
- Acoso e ciberacoso escolar
- Resolución non violenta dos conflitos
- Cultura da paz e dereitos humanos.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS POR DEPARTAMENTOS

- Educación en valores: Lingua castelá e literatura (1º, 4º ESO e 2º Bac), Lingua galega e literatura (2º, 3º e 1º Bac)
- Desenvolvemento sostible: Bioloxía e Xeoloxía (1º, 3º, 4º ESO), Física e Química (2º ESO, 1º e 2º Bac)
- Igualdade entre homes e mulleres, Música (1º, 2º, 3º ESO), E. F (4º ESO e Bac).
- Igualdade no trato e non discriminación, Francés (1º, 4º ESO e 1º Bac), Inglés (2º, 3º ESO e 2º Bac)
- Prevención da violencia contra nenas e mulleres: Matemáticas (1º, 2º ESO e 3º ESO)
- Acoso e ciberacoso escolar: Tecnoloxía (2º, 3º ESO e 2º Bac), Debuxo (1º, 4º ESO e 1º Bac)
- Resolución non violenta dos conflitos: Filosofía e Relixión (en todos os cursos)
- Cultura da paz e dereitos humanos: Xeografía e Historia (1º, 2º, 3º ESO), Economía (4º ESO e Bac)

Os distintos departamentos poderán intercambiar as temáticas de común acordo, sempre que quede recollido nas respectivas programacións e sexa notificado á/ao responsable de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Desde o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares, distribuiranse a comezo de curso entre os distintos departamentos as conmemoracións de celebración obrigada, que deberán programar e recoller nunha memoria final de actividade, segundo as indicacións que se sinalen.

O Departamento de Orientación tamén incluírá no Plan de Acción Titorial actividades relacionadas con diversos temas transversais para profundizar e complementar o desenvolvemento dos aquí sinalados.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

O IES de Catabois busca adecuar a súa estrutura organizativa (horarios agrupamentos, espazos) e a organización e xestión das aulas, ás características do alumnado. O profesorado do centro acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumna/o e/ou grupo, o que se pode traducir nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación coa familia.

Seguirase o principio do deseño universal da aprendizaxe (DUA) é dicir, a necesidade de proporcionar ao alumnado múltiples medios de representación, de acción e expresión, e de formas de implicación na información que se lle presenta. Así, haberá alumnas/os que requirirán exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos; outras/os aos que lles haberá que dar certas responsabilidades; outras/os que necesitarán estar nun grupo do que recibirán as axudas que precisan; outras/os que haberá que poñer frecuentemente en situación de éxito; outras/os que haberá que avaliar adaptando tempos, instrumentos ou procedementos etc.

En todo momento, teranse en conta os principios de que a cada alumna/o se lle ensinará partindo do seu nivel de coñecementos previos, e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe potenciando ao máximo os seus talentos. Neste tipo de atención será necesario que o/a titor/a realice as seguintes actuacións: establecer a coordinación entre o distinto profesorado, coñecer a situación persoal e escolar de cada alumna/o, coñecer os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo, o ritmo de aprendizaxe, e a metodoloxía máis adecuada para cada un. A utilización de criterios de agrupamento permite adaptarse á diversidade de necesidades do alumnado e a diversidade das actividades didácticas dependendo da natureza disciplinar das materias.

Como criterios obxectivos de agrupamento téñense en conta os seguintes:

- Configuración de grupos heteroxéneos tendo en conta: o nivel, e o expediente académico; valoración (polo equipo docente) das incidencias no ámbito da convivencia; distribución equilibrada de nenos e nenas do alumnado repetidor, do alumnado de etnia, do alumnado estranxeiro e/ou procedente doutra comunidade autónoma, do alumnado con neae.

- No caso de irmáns xemelgos, mellizos, ou que por outras circunstancias coincidan no mesmo nivel poñeranse en grupos diferentes, sempre e cando os proxenitores ou titores estean de acordo.

- As materias elixidas polo alumnado: de modalidade e optativas.

Con respecto aos agrupamentos dentro da aula para actividades específicas, serán os departamentos didácticos e o profesorado o que decida sobre as modalidades de agrupamentos que se deban aplicar, mantendo sempre a heteroxeneidade coa finalidade de fomentar valores de axuda e colaboración.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Proxecto E-Dixgal na ESO:

As materias de ESO que desenvolven o proxecto Edixgal utilizarán prioritariamente os materiais dixitais, para o cal o alumnado disporá de ordenadores portátiles para o uso no centro e, previa sinatura de consentimento por parte dos pais/nais/titores legais, tamén fóra do mesmo. As materias E-dixgal non contan con libros de texto e son as seguintes:

1º ESO

Bioloxía e Xeoloxía

Lingua Castelá e Literatura

Lingua Galega e Literatura

Matemáticas

Inglés

Relixión

Proxecto Competencial

Educación Física

Tecnoloxía e Dixitalización

Educación Plástica, Visual e Audiovisual

Segunda Lingua Estranxeira (Francés)

2º ESO

Física e Química

Lingua Castelá e Literatura

Lingua Galega e Literatura

Matemáticas

Inglés

Relixión

Proxecto Competencial

Educación Física

Tecnoloxía e Dixitalización

3º ESO

Lingua Galega e Literatura

Lingua Castelá e Literatura

Ed. Plástica, Visual e Audiovisual

Física e Química

2ª Lingua estranxeira (Francés)

Educación Física

Relixión

Proxecto Competencial

Bioloxía e Xeoloxía

Oratoria

4º ESO

Lingua Galega e Literatura

Lingua Castelá e Literatura

Ed. Plástica, Visual e Audiovisual

Física e Química

Cultura Clásica
2ª Lingua estranxeira (Francés)
Educación Física
Relixión
Proxecto Competencial
Tecnoloxía
Bioloxía e Xeoloxía
Dixitalización
Economía e Emprendimento
Formación e Orientación Persoal e Profesional
Expresión Artística
Libros de texto e material escolar

As materias tanto de ESO como de Bacharelato nas que se decida utilizar un libro de texto deberán aterse ao sinalado na ORDE do 29 de maio de 2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares, segundo a cal os libros de texto, unha vez seleccionados, terán unha vixencia de seis cursos académicos e só poderán substituírse cando circunstancias excepcionais ou de carácter pedagóxico ou científico o aconsellen, e así o determine a xefatura territorial correspondente desta consellería, logo do informe de inspección educativa, previa solicitude do centro.

A relación de libros de texto e material didáctico curricular será publicada cada curso académico na web do centro e no taboleiro de anuncios antes do 15 de xuño, informarase á ANPA e remitiráselle copia á Inspección Educativa antes do 20 de xuño.

Promoverase que os libros de texto e demais materiais educativos fomenten a igualdade entre homes e mulleres e non conteñan estereotipos sexistas ou discriminatorios.

Nos cursos de 1º e 2º de ESO facilitarase, no momento de formalizar a matrícula, unha listaxe co material que o alumnado vai precisar.

Difundiranse na web do centro e a través de circular todas as convocatorias de axudas destinadas á adquisición de material.

Queda prohibida a publicidade e venda e/ou distribución no centro de calquera tipo de material didáctico ou complementario, tanto por persoal do centro como por persoas alleas a el.

Aulas específicas

As aulas de informática, laboratorios de ciencias e de idiomas, música, plástica e tecnoloxía están á disposición do profesorado tanto para impartir as sesións lectivas como para organizar actividades nos tempos de lecer, respectando as prioridades que se detallan nas NOFC do centro.

Recursos da biblioteca

Fondos

Os fondos bibliográficos e audiovisuais da Biblioteca Escolar estarán a disposición de toda a comunidade educativa, incluídas as familias.

Libros de lectura obrigatoria

A Biblioteca escolar, facendo uso dos fondos do Plan de Mellora de Bibliotecas, da Convocatoria de Clubs de lectura e da asignación establecida nos gastos de funcionamento do centro, dá prioridade á adquisición dos libros que sexan seleccionados como lecturas obrigatorias e como propostas para os clubs de lectura en funcionamento.

Ordenadores da biblioteca

ordenadores situados na biblioteca escolar poden ser utilizados polos membros da comunidade educativa seguindo os protocolos establecidos nas NOFC.

Servizo de reprografía

O alumnado de ESO terá acceso gratuíto ao material fotocopiabile que lle proporcione o profesorado, para o cal cada departamento terá un orzamento asignado que se controlará a través do uso de códigos na fotocopidora. O persoal de conserxería é o único responsable de facer as copias, que deben ser solicitadas, agás casos debidamente xustificadas, con vinte e catro horas de antelación.

Nas materias de Bacharelato con libro de texto asignado seguirase o mesmo procedemento. Porén, aquelas onde, por non contar con libro de texto, se deba entregar ao alumnado un número elevado de copias (bloques de apuntamentos, actividades, material de materias pendentes...) terán un tratamento diferenciado e as copias deberán ser aboadas polo alumnado ao prezo que establece a Comisión Económica do centro e que será revisado anualmente ao comezo de cada curso.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O centro ofertará en 4º de ESO e nos dous cursos de Bacharelato uns itinerarios que se aprobarán en CCP cada curso e nos que se contemplarán as materias autorizadas pola normativa vixente que poidan ser impartidas.

O alumnado seleccionará por orde de prioridade e, en función das eleccións maioritarias, elaboraranse os itinerarios que se propoñerán no momento da matrícula.

Será preciso ter en conta que hai materias que precisan de autorización da Xefatura Territorial para poder ser impartidas no caso de non acadar o número esixido de alumnado.

- As materias optativas de centro autorizadas para ser impartidas son as seguintes:

3º ESO: Cultura Clásica, Segunda Lingua Estranxeira (Francés)

4º ESO: Oratoria, Segunda Lingua Estranxeira (Francés)

1º BAC: Segunda Lingua Estranxeira (Francés), Tecnoloxías da Información e da Comunicación I

2º BAC: Métodos Estatísticos e Numéricos

- No primeiro e no segundo curso da ESO contamos con dúas sesións lectivas de libre disposición, que se dedicarán a incrementar a carga lectiva de Lingua Castelá (1º ESO), Lingua Galega (2º ESO) e Matemáticas (1º e 2º ESO)

- Nos catro cursos da ESO, o alumnado poderá escoller entre Relixión e Proxecto Competencial. A temática desta última, escollida para este curso, é a seguinte:

1º ESO: Biblioteca, 2º e 3º ESO: Internacionalización e Medio Ambiente, 4º ESO: Robótica e Manexo de Drons.

- Nos dous cursos de Bacharelato a alternativa á Relixión é:

1º BACH: Métodos de Cálculo, 2º BACH: Cultura Anglosaxoa

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Os criterios para deseñar e seleccionar as actividades serán os seguintes:

- Que a actividade contribúa a acadar os obxectivos da etapa educativa e a desenvolver e adquirir as competencias clave.

- Que se corresponda en tempo, na medida do posible, coa temporalización da programación.

- Que o tempo que a actividade complementaria ocupe, permita desempeñar con normalidade o resto das sesións lectivas non afectadas pola actividade, deixando tempo de lecer intermedio ao alumnado.

- Que motiven o alumnado tendo presente a idade e as características do grupo.

- Que a actividade sexa nova, que consista en accións que os alumnos/ as non fan ou ven normalmente ou que non fixesen con anterioridade.

- Que a actividade teña o menor custo posible para que poida ser realizada polo conxunto do alumnado.

En canto ao número e á distribución destas actividades procurarase que as mesmas se distribuían uniformemente durante o curso escolar, evitando a súa realización en períodos de exames así como en datas posteriores ao día 30 de maio, salvo as viaxes de final de curso debidamente autorizadas.

A porcentaxe de participación de alumnado ao que vai dirixida a actividade deberá ser aproximadamente un 75%, de forma que unha saída non produza grandes desaxustes na vida educativa do centro. Exceptúanse programas concretos, como os proxectos Erasmus ou convocatorias das administracións educativas, que xa teñan un número sinalado de alumnado participante. Cando a realización da actividade impida a asistencia a clases impartidas por outro docente, este será informado para que manifieste a súa opinión ao respecto; no caso de que algún profesor manifieste reparos á realización da actividade será o equipo docente do grupo afectado quen decidirá sobre a súa realización, ponderando o beneficio que a actividade terá no alumnado e o trastorno que produza na programación das materias afectadas.

Criterios para organizar

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen dentro da localidade de Ferrol e nos concellos limítrofes, chegará coa autorización escrita que asinan as familias ao inicio do curso.

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade e concellos limítrofes,

deberase solicitar a autorización escrita dos pais/nais ou titor/a legal e a achega económica, se procede. Os trámites que se deben seguir para a organización da actividade son:

- Solicitar un medio de transporte, se for necesario, con quince días de antelación.
- O alumnado, unha vez reciba o impreso de autorización para realizar unha saída, disporá dun prazo de entrega da autorización asinada e a achega económica que figurará en dito impreso xunto á descrición da actividade. Se por motivo de forza maior, non puidera ser entregada a autorización a tempo, o pai/nai/titor/titora do alumno ou alumna en cuestión deberá poñerse en contacto co centro para confirmar a asistencia. Noutro caso, o alumnado non participará na saída.
- Unha vez entregada unha autorización de saída asinada, o alumnado que, por motivo de forza maior, non poida realizar tal saída deberá achegar xustificación documental. Noutro caso, dito alumnado non poderá realizar a seguinte saída para a que sexa convocado.
- Colgarase na cortiza de actividades complementarias e extraescolares un documento que informe da actividade e da relación dos docentes e do alumnado participante.
- Fíxase con carácter xeral unha distribución aproximada, dependendo da actividade que se vaia realizar e do grupo ao que vai dirixida a mesma, dun docente por cada 20 alumnos/as
- Os autobuses a Ferrol e concellos limítrofes corren integramente a cargo do centro e no caso de visitas fóra da contorna o centro sufragará o 40% no caso da ESO e do 30% para o Bacharelato.
- Os/as docentes que acompañan nas actividades complementarias e extraescolares serán preferentemente os do departamento que organiza a actividade e o profesorado que teñan clase co grupo implicado no horario no que se desenvolve a actividade.
- Unha vez rematada a actividade incluírase a información no blog do centro <http://cataboisproxecta.blogspot.com/> e publicarase unha imaxe descritiva na conta de instagram <https://www.instagram.com/iesdecatabois/>

Criterios de avaliación

Ao remate de cada actividade, o xefe do Departamento entregará á Vicedirección o documento da memoria da actividade -segundo modelo incluído nas NOFC- onde aparecen reflectidos os obxectivos da actividade, os aspectos que saíron ben e os aspectos que se deben mellorar. Isto axudará na planificación das sucesivas actividades.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación recolle o seguinte:

Artigo 51. Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
 - c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
 - f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
 - g) Seguimento e avaliación.
 - h) Acreditación da información á familia.
4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS (PENDENTES)

A. Cuestións previas

É importante ter en conta, dentro das materias con avaliación negativa, a distinción entre as que o alumno mantén, coa mesma denominación, no novo curso (materias de continuidade) e aquelas que xa non ten. Son estas últimas as que xeran maiores dificultades para o fin que nos ocupa.

Para as materias pendentes do anterior plan de estudos teremos en conta o artigo 16 da RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

B. Destinatarios: dirixido a alumnado de ESO e Bacharelato con materias pendentes do curso anterior.

C. Responsables:

Xefatura de estudos encárgase de:

- Extrae listaxes de pendentes de Xade por materias
- Envía listaxes de pendentes aos distintos departamentos didácticos.
- Analiza trimestralmente os resultados obtidos.
- Avalía a eficacia do programa de recuperación e recolle as propostas de mellora

Titor/a encárgase de:

- Recompila información do alumnado para partir do informe persoal ou consello orientador.
- Informa o alumnado e titor legal, das materias pendentes e do procedemento de recuperación.
- Informa trimestralmente os titores legais sobre os resultados da avaliación de pendentes

Xefe/a de departamento:

- Informa os membros do departamento do alumnado con materias pendentes do curso anterior.
- Anualmente elaborará un programa de recuperación de pendentes específico para as materias do departamento. No devandito programa indícaranse o tipo de actividades de recuperación e/ou as probas escritas a realizar así como os criterios de avaliación e cualificación.

- Recompila as cualificacións do alumnado pendente antes da avaliación para comunicalo á xefatura de estudos na data indicada.

- Realiza o seguimento, análise dos resultados e propostas de mellora trimestralmente.
- Responsabilízase da avaliación das materias sen continuidade.

Profesorado encárgase de:

- Informa sobre o programa de recuperación da materia pendente ao alumnado ao que imparte clase.
- Avalía e realiza o seguimento da materia pendente ao alumnado ao que imparte clase. (Materias con continuidade)
- Informa o departamento e titor/a, do proceso de recuperación da materia pendente, polo menos trimestralmente.

Poderá nomearse un titor/a de pendentes, sempre que a organización do centro o permita, que se encargará de realizar seguimento ao alumnado pendente, informando o alumnado sobre materias pendentes, avaliación, datas de avaliación, entrega de material para recuperación, etc.

D. Desenvolvemento do programa.

Os departamentos didácticos establecerán na súa programación anual, o programa de reforzo para aprendizaxes non adquiridas para cada unha das materias que imparten, indicando actividades e/ou probas a realizar, secuenciación e temporalización en función dos criterios de avaliación e estándares establecidos, criterios de cualificación e indicando o profesorado responsable para o seguimento e a avaliación.

O programa de recuperación desenvolverase trimestralmente, tendo en conta que as cualificacións obtidas polo alumnado pendente deberán entregarse en xefatura de estudos, polo menos unha semana antes da avaliación, para que poidan ser incorporadas no Xade. No boletín de notas aparecerá información sobre o seguimento e evolución das materias pendentes. En cada sesión de avaliación o profesorado responsable informará da evolución deste programa ao titor, quen transmitirá ás familias a evolución e os progresos do/a alumno/a. O seguimento destes programas realizarase igualmente nas sesións de equipo educativo.

O alumnado que non supere a materia pendente no procedemento ordinario, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria no mes de maio. Para iso, os departamentos elaborarán o correspondente informe sobre os obxectivos non cumpridos, que será entregado polo titor/á os representantes legais xunto ás cualificacións finais.

Finalmente, como criterio xeral, a superación dunha materia do curso actual queda condicionada á superación das correspondentes materias pendentes de cursos anteriores, no caso de materias de continuidade.

E. Información ás familias

Ao comezo de curso o alumno que siga un destes programas asinará un documento en forma de compromiso polo que se compromete a realizar as actividades organizadas para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas.

Igualmente informarase ás familias, a través do titor/a, sobre o proceso xeral de recuperación de materias pendentes.

O profesorado responsable da avaliación da materia pendente informará a alumnado e familia sobre o programa de recuperación da materia, seguindo o modelo establecido ao respecto. A finais de cada trimestre as familias serán informadas polos respectivos titores/ as sobre os resultados da avaliación.

F. Avaliación do plan

Trimestralmente, tanto os departamentos como a xefatura de estudos, analizarán os resultados do programa de recuperación, así como da adecuación das distintas propostas de mellora que se puxeron en práctica ao longo do curso para a mellora de resultados. En función dos resultados obtidos a final de curso, manterase para o curso seguinte ou introduciranse as melloras pertinentes.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

A ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación recolle o seguinte:

Artigo 52. Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNADO REPETIDOR

A. Dirixido a alumnado de ESO que repite curso.

B. Responsables.

Xefatura de Estudos encárgase de:

- Extrae listaxes de repetidores de Xade por cursos
- Envía listaxes aos distintos departamentos didácticos.
- Analiza trimestralmente os resultados obtidos.
- Avalía a eficacia do plan e recolle as propostas de mellora

Titor/a encárgase de:

- Recompila información do alumnado para partir do informe persoal ou consello orientador.
- Informa trimestralmente o alumnado e titores legais
- Recolle en acta as distintas medidas de atención á diversidade e encárgase do seu seguimento.

Xefe/a Departamento encárgase de:

- Informa os membros do departamento do alumnado repetidor.
- Establecerá na programación do departamento o plan específico para repetidores.
- Realiza o seguimento, análise dos resultados e propostas de mellora trimestralmente.

Profesorado encárgase de:

- Avalía e realiza o seguimento ao alumnado repetidor ao que imparte clase, en base ás medidas de atención á diversidade establecidas.

C. Desenvolvemento do plan.

Os departamentos didácticos establecerán na súa programación anual o plan específico para alumnado repetidor. Trimestralmente, o profesorado realizaría un seguimento do traballo diario, probas escritas, actitude fronte á materia, asistencia a clase e comportamento do alumnado repetidor, seguindo o método establecido nas súas respectivas programacións e en base ás distintas medidas de atención á diversidade establecidas. Toda a información transmitirase aos titores nas sesións de avaliación.

D. Medidas que se aplican

Os departamentos didácticos dispoñerán nas súas programacións a posibilidade de aplicar calquera das medidas de atención á diversidade previstas neste plan, adaptacións metodolóxicas, recursos, así como a posibilidade de incluír calquera outra medida que se estime oportuna. Como indicación pódense considerar algunha das seguintes:

Aula

- Establecer alumnos axudantes para o alumnado repetidor ou con dificultades en calquera materia.
- Creación de grupos cooperativos.
- Situar ao alumnado repetidor no lugar que se crea máis conveniente.

Traballo

- Presentar unidades didácticas en forma de traballos de investigación ou proxectos.
- Realización de traballos grupais.
- Realización de actividades de reforzo e recuperación extras.

Exames

- Permitir acceso a material gráfico
- Antes de comezar, ler en voz alta unha vez (xa sexa de maneira grupal ou individual).
- Asegurarnos que comprende o enunciado.
- Aumentar o interlineado.
- Evitar que teña máis dun exame por día.
- Proporcionar tempo adicional se é necesario.
- Adaptar os exames ás súas posibilidades con exercicios ou frases sinxelas.

Para que estas medidas se poidan levar a cabo, é imprescindible que a actitude do alumnado, a asistencia regular a clase e o seu comportamento, sexan adecuados.

E. Información ás familias

Nas sesións de avaliación, os titores dos grupos recollerán información do plan seguido co alumnado repetidor, especialmente naquelas materias que non obteña resultados positivos. Esta información será transmitida aos titores legais trimestralmente.

F. Avaliación do plan

Trimestralmente, tanto os departamentos como a xefatura de estudos, analizarán os resultados do plan seguido cos repetidores, así como da adecuación das distintas propostas de mellora que se puxeron en práctica ao longo do curso para a mellora de resultados. Inclúirase un apartado nos informes trimestrais do departamento relativo á avaliación dos repetidores na materia durante o curso actual (% de aprobados e suspensos). En función dos resultados obtidos a final de curso, manterase para o curso seguinte ou se introducirán melloras pertinentes. Existirá un modelo homoxéneo para a elaboración destes plans, recollidos nos apartados h) e i), por parte dos docentes que deberán entregar a Xefatura de Estudos e a cada alumno/a, deixando constancia da información ás familias.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A efectos de avaliación terase en conta a normativa seguinte:

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Cando as circunstancias persoais da alumna/o con NEE o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.

Para comprobar o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa tomaranse como referentes: os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe.

No caso do alumnado con ACS os referentes da avaliación serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora. Cando o progreso dunha/dun alumna/o non sexa o adecuado, estableceranse medidas de Reforzo Educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

Segundo a Orde do calendario escolar 2023/24 Os centros docentes, faranse tres sesións de avaliación parcial procurando unha repartición equilibrada na duración dos períodos de cada avaliación e tendo en conta que a derradeira destas sesións debe coincidir coa data da avaliación final.

Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

BACHARELATO:

Para comprobar o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa tomaranse como referentes: os criterios de avaliación, e de ser o caso os estándares.

Ao longo de cada curso realizaranse tres sesións de avaliación parciais. A última destas tres sesións coincide coa data da avaliación final ordinaria do bacharelato. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes. A sesión de avaliación final ordinaria do primeiro curso de bacharelato e a sesión de deberán realizarse a partir do 10 de xuño de 2024. As sesións de avaliación final ordinaria e de avaliación final extraordinaria do alumnado de segundo curso de bacharelato adecuaranse ás datas previstas para a ABAU. A sesión de avaliación final extraordinaria do primeiro curso de bacharelato deberá realizarse a partir do día 21 de xuño de 2024.

No 2º Bacharelato, no período comprendido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da ABAU e das probas extraordinarias.

No 1º Bacharelato, o período comprendido desde a realización da avaliación final ordinaria ata a o remate do período lectivo dedicarase á preparación e realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase non presentado/a (NP).

A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN

Son os sinalados nas ordes anteriormente descritas.

PROMOCIÓN NA ESO

O equipo docente decidirá sobre a promoción de cada alumna ou alumno na avaliación final de cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación.

No caso dos programas de diversificación curricular, a decisión sobre a permanencia neles un ano máis adoptárase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contarán de xeito independente.

Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

TITULACIÓN NA ESO

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa. O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

PROMOCIÓN NO BACHARELATO

O alumnado promocionará de 1º a 2º de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna/o ou deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que o alumnado poida cursar máis materias do devandito bloque.

O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

O alumnado de 1º que non cumpra as condicións de promoción a 2º deberá matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

O alumnado que ao termo do segundo curso tivese avaliación negativa nunha ou máis materias poderá:

- Matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas. Neste caso poderá solicitarlle á

dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, quedando unicamente exento da súa avaliación e debendo cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.

b) Repetir o curso completo. Neste caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.

TITULACIÓN NO BACHARELATO

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título cunha materia suspensa, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- Que o equipo docente considere que a alumna/o alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna/o na materia.
- Que a alumna/o ou se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias cursadas sexa igual ou superior a cinco. Para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

Nas actas de avaliación final ordinaria ou extraordinaria de segundo curso, no expediente académico e no historial académico farase constar ademais unha media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación das ensinanzas de relixión, co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado para os efectos de acceso a outros estudos, a obtención da mención de matrícula de honra e as convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo.

Criterio do centro respecto das votacións

Tanto en ESO como en BAC as decisións que afecten aos equipos docentes tomaranse de forma consensuada. De non acadarse consenso, procederase a unha votación na que todos os membros da xunta de avaliación deben pronunciarse a favor ou en contra, de xeito que se computen tantos votos como materias teña o/a alumno/a. Non se computa o membro do departamento de Orientación nin o do equipo directivo, agás que imparta algunha materia ao grupo.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Mencións Honoríficas e Matrículas de Honra na ESO

Segundo recolle a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, as alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

Criterios para a concesión de Matrícula de Honra na ESO.

Os criterios para establecer a concesión das matrículas de honra, en caso de empate, son os seguintes:

- Alumnos e alumnas coa nota media máis alta en 4º de ESO.
- Alumnos e alumnas coa nota media máis alta na ESO.

De persistir un empate, empregaranse os seguintes criterios establecidos polo centro e aprobados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. Aplicaranse na mesma orde en que aparecen enumerados:

- Arredondar con dous decimais
- Sorteo público na xunta de avaliación.

Mencións Honoríficas e Matriculas de Honra no Bacharelato

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso de Bacharelato, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de Bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

A nota media será a media aritmética de todas as materias, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Criterios para a concesión de matrícula de honra no Bacharelato.

En caso de que o número de alumnos que cumpra o anterior requisito supere o 5% do total do alumnado deste curso, aplicaranse os seguintes criterios:

1. Alumnado coa nota media máis alta en 2º de BAC.

2. O alumnado que obteña maior número de materias con cualificación 10 nas materias comúns de modalidade e optativas, na modalidade elixida de segundo curso. As materias de modalidade cursadas como específicas non se terán en conta.

3. Alumnado coa nota media máis alta no Bacharelato. De persistir un empate, empregaranse os seguintes criterios establecidos polo centro e aprobados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. Aplicaranse na mesma orde en que aparecen enumerados:

1-Nota media das materias comúns

2-Nota medias das materias de modalidade

4-Nota media de específicas

5-Arredondar con dous decimais

6-Sorteo na xunta de avaliación.

En todo caso, esta distinción consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

O profesorado, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos, desenvolverá o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que lle fose encomendada na organización docente do centro.

A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.

A programación didáctica de cada materia ou ámbito elaborárase por nivel educativo e será a mesma para todos os grupos por nivel.

O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas, así como o grao de cumprimento e a xustificación de posibles modificacións. Esta información será valorada e analizada nos respectivos departamentos didácticos cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas actas de reunión.

Para a súa elaboración utilizarase unha aplicación informática de programacións (PROENS). Esta aplicación tamén se utilizará para a súa supervisión por parte das xefaturas de Departamento, dos equipos directivos e da Inspección educativa.

Así mesmo, esta aplicación informática será a que se utilice para a realización das memorias finais de departamento ou de ciclo.

A programación didáctica incluírá, como mínimo, os aspectos recollidos no Decreto 156/2022 e no Decreto 157/2022, do 15 de setembro:

- Introducción
- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización
- Metodoloxía (concrecións metodolóxicas, materiais e recursos didácticos)
- Avaliación (avaliación inicial, criterios de cualificación, procedementos de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes)
- Medidas de atención á diversidade
- Transversal (concreción dos elementos transversais, actividades complementarias)
- Práctica docente (procedementos para avaliar a práctica docente e propostas de mellora)

Os centros docentes farán públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O centro participará en todas aquelas convocatorias promovidas desde as administracións educativas que sexan aprobadas en Claustro e Consello Escolar.

1. Contratos-programa e outras convocatorias

Darase continuidade aos seguintes Contratos-Programa:

- CP Recupéra-T:

- PROA+: docente de reforzo (priorizando 1º ESO e 2º ESO)

- CP Inclúe, que será traballado coordinadamente entre o Departamento de Orientación e as titorías, coas liñas:

- CP Quéda-T (prevención do absentismo e o abandono escolar temperá)
- CP Inclúe-T (fomento da inclusión)
- CP Iguála-T (fomento da igualdade)
- CP Convive-T (mellora da convivencia)

- CP Innova, na liña:

• EDUexcelencia (O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento): Plan Proxecta+MA, Plan Proxecta+ECO

2. Titoría entre iguais (TEI)

O Programa TEI é un programa de convivencia para a prevención da violencia e o acoso escolar. Foi aprobado polo Claustro de Profesorado e polo Consello Escolar e vense aplicando dende xaneiro de 2018. Ten como obxectivo básico mellorar a integración escolar e traballar por unha escola inclusiva e non violenta, fomentando que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias, orientadas á mellora ou modificación do clima e da cultura do centro respecto da convivencia, conflito e violencia (física, emocional ou psicolóxica).

No TEI cada alumno e alumna de 1º de ESO é titorizado por un compañeiro ou compañeira de 3º ou 4º de ESO, que está preto del coa finalidade de axudalo na súa integración no centro, diminuír a súa inseguridade, mediar nos conflitos, actuar como referente para a mellora da autoestima e diminuír os desequilibrios de forzas que orixinan o acoso escolar.

Fases nas que se desenvolve:

- Información e sensibilización de Titores e titorandos (alumnado de 3º-4º e 1º ESO) nas horas de titoría.

- Formación do alumnado Titor (voluntario) alumnado de 3º -4º ESO nas horas de titoría.

- Formación das parellas TEI (coa colaboración do equipo docente e titor/a de grupo) farase en reunión de equipo docente, e nas reunións de titorías.

- No primeiro trimestre do curso farase a presentación das parellas TEI nunha sesión conxunta.

- Ao longo dos trimestres iranse realizando nas titorías actividades de autoestima, inclusión, autoconecemento, así como tamén actividades de cohesión entre titores e titorandos e actividades de avaliación do programa.

3. Plan de fomento das novas tecnoloxías

O centro desenvolve os seguintes programas para promover o uso das novas tecnoloxías:

- E-dixgal

Nas materias que se utiliza a plataforma E-dixgal, contando con portátiles de uso individual e con material dixital en lugar de libro de texto. Complementábase este material con recursos fotocopiáveis. Úsase tamén esta plataforma para o ensino virtual ou semipresencial.

- Aula virtual

Naquelas materias que non pertencen ao proxecto E-dixgal o profesorado utiliza a aula virtual para complementar os recursos bibliográficos e, sobre todo, para o ensino virtual ou semipresencial.

- Robótica e programación

Tanto a través da materia de Proxecto Competencial, como de actividades en tempos de lecer, o alumnado pode ter acceso a coñecementos de robótica. Ofértanse as seguintes opcións:

Materias de libre configuración:

- Proxecto Competencial (4º ESO): Robótica e Manexo de Drons

- Obradoiros de Robótica en tempo de lecer.

4. Proxecto de fomento do uso da lingua galega

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega promove actividades que fomentan o uso da lingua galega e participa anualmente na convocatoria autonómica de proxectos de fomento do uso do galego.

5. Proxecto de internacionalización e fomento da aprendizaxe de linguas estranxeiras

Para este fin desenvólvense diferentes actuacións:

- Seccións bilingües: O obxectivo é mellorar a competencia en lingua inglesa. As materias autorizadas este curso son: Educación Física (1º e 3º ESO) e Tecnoloxía e Dixitalización (1º e 2º ESO).

- Apoios en Auxiliares de Conversa (lingua Inglesa e lingua Francesa)

- Outras actuacións: E-Twining e Eduexchanges (intercambio en liña con alumnado francés), Digitalweek (convivencia durante unha semana con alumnado doutros centros galegos para fomento do inglés a través das TIC), Erasmus+ (pendente de acreditación).

6. Biblioteca escolar

- Plan de mellora de bibliotecas escolares

Participase anualmente no PLAMBE, co fin de obter financiamento para manter a biblioteca actualizada.

- Clubs de lectura

Existen clubs de lectura xuvenís de narrativa e poesía destinados ao alumnado e un club de lectura de adultos no que poden participar os membros da comunidade educativa ou relacionados con estes.

- Club de manga e anime

O alumnado xestiona un club de manga que desenvolve as súas actuacións nos tempos de lecer.

- Plan de lectura

a Orde do 23 de maio de 2023 o centro garantirá un tempo de lectura e práctica da oratoria artellado principalmente a través da actividade "Hora de Ler, que diseña a Biblioteca Escolar en coordinación cos docentes das distintas materias.

7. Plan de formación permanente do profesorado (PFPP)

O centro desenvolve anualmente un Plan de formación do profesorado con varias liñas: Convivencia, Didáctica e Internacionalización.

8. Plan de formación en centros de traballo

Para o alumnado de Programas Formativos Básicos (Comercio e Almacén), desenvólvese un plan de formación en centros de traballo, en colaboración con empresas da contorna.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Coa Memoria Anual do IES de Catabois que se realiza ao final de curso valorarase:

- O grao de consecución dos obxectivos específicos.
- Os resultados das avaliacións de cada etapa.
- Estado das instalacións e especificación das necesidades.
- As reunións de CCP, Claustro e Consello Escolar.
- Memoria de Convivencia.

Con esta valoración establecerase unha proposta de mellora desta concreción curricular

o) Outros apartados

1. Aprobación e difusión da Concreción Curricular

Esta Concreción Curricular foi aprobada en CCP e Claustro o 4/9/2023 e en Consello Escolar o 5/9/2023. Daráselle difusión na páxina web do centro, como Anexo I do Proxecto Educativo de Centro.